

R. 1827

Anuncio

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2023, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño do 2023, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 14 de xuño de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1864

Anuncio

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2023, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño do 2023, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 14 de xuño de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1865

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Cumprido o tramite de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 86 de data 15 de abril de 2023, da modificación da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

2.05ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo